

SOCIO-COLABORADOR – CENTROS DE ENSINO

INTRODUCCIÓN

Desde A Mesa pola Normalización Lingüística apostamos por novas dinámicas de participación entre os diferentes axentes implicados na normalización da lingua.

No ano 1998 naceu a figura do socio-colaborador coa pretensión de poder crear unha dinámica máis activa entre a nosa organización, os diferentes axentes do país e a sociedade galega. Centros de ensino, institucións, empresas, asociacións, persoas particulares... estamos a ser os axentes promotores da dinamización sociolingüística da Galiza. As diferentes liñas de traballo que desde a nosa creación estamos a ensaiar permítenos constatar que é preciso o reagrupamento e fortalecemento social para conseguir a plena normalización da lingua.

POR QUE SOCIO-COLABORADOR DA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

Nestes anos padecemos unha constante perda de falantes nas novas xeracións que de continuar por este camiño pode levarnos a ter unha lingua residual.

Temos vocación de unanimidade. Queremos que todas e todos se sintan representados na Mesa pola Normalización Lingüística.

É necesario crear redes sociais que aglutinen o movemento social normalizador a través das cales poidamos establecer diferentes liñas de traballo e colaboración.

Necesitamos da vosa colaboración para lograr unha organización forte, complexa, capaz de influír decisivamente na política lingüística da Galiza.

Ao mesmo tempo de fortalecer economicamente a organización ante o continuo desgaste económico que sofre ante as múltiples agresións lingüísticas, contribúes á normalización lingüística de Galiza.

BENEFICIOS POR SER SOCIO-COLABORADOR DA MESA

Até o momento desenvolvéronse algunhas das vías do proxecto inicial:

- comunicación permanente entre o colectivo e o socio-colaborador;
- asesoramento telefónico en cuestións puntuais sobre dinámicas sociais da lingua;

- estabelecemento e posta en marcha de proxectos colectivos entre diferentes axentes: información sobre actividades que están a desenvolver outros centros de ensino, activación do agrupamento de equipos de normalización lingüística;

- desconto dun 10% na adquisición de material da Tenda da ReMesa (publicacións, dosieres de prensa, camisetas, auto-colantes, etc.) para pedidos superiores a 30⁰⁰ €

Novas liñas de traballo e actuación:

- potenciación da figura dos Equipos de Normalización Lingüística.

Dar continuidade e pór en marcha proxectos que agrupen, a diferentes niveis, a todos os centros do país.

- creación dun boletín específico para os centros de ensino con información puntual de actividades de dinamización lingüística, cumprimento de lexislación, os equipos de normalización lingüística, recollida de experiencias interesantes..., a curto prazo os centros de ensino coa participación de toda a comunidade escolar (docentes, discentes, nais e pais, ...) deberían fornecer o boletín de información.

- potenciación dunha rede de actividades aproveitando a situación, trazos, ubicación xeográfica e as especialidades dos centros de ensino.

- elaboración de “documentos de traballo” de contido sociolingüístico nos que se fomentará o espírito crítico cara á normalización da lingua e a ruptura da anestesia social existente nestes temas:

- A diversidade lingüística*
- Os antropónimos e os topónimos*
- Os dereitos lingüísticos*
- O conflito lingüístico*

-Axentes normalizadores da lingua. Presente e futuro

-Xogos de rol

-oferta de charlas para centros de ensino na que se atenderían aos diferentes colectivos que os integran (profesorado, estudantado e nais/pais/tutores/tutoras):

-A Mesa e os colectivos que a integran. Liñas de actuación.

-A situación do galego. Historia e actualidade.

-A lingua, unha saída laboral.

-A lingua e a mocidade. Liñas de dinamización e reivindicación.

-A mocidade e a lingua.

-A situación do galego no ensino. Dereitos e deberes.

-ESCOLA EN GALEGO, escola amiga.

-Galiza e as relacións cos países de lingua portuguesa.

-O galego na empresa: unha empresa de todas e todos.

-Os nosos dereitos lingüísticos.

(...) outros temas sobre os que fagades suxestións.

-Promoción de intercambios:

-entre centros da Galiza administrativa e centros de territorios de fala galega, do chamado "galego estremeiro".

-entre centros galegos e da lusofonía.

-Traballar nos centros a figura do activista lingüístico:

Aposta pola creación da figura do activista lingüístico para a sociedade. Do mesmo xeito que introducimos ás raparigas e aos rapaces en temas transversais como a ecoloxía, a educación para a paz, etcétera, tamén comezaremos a promover a educación en valores lingüísticos. Crearemos dinámicas de colaboración que permita ao estudantado familiarizarse coa normalización lingüística por medio da formación sociolingüística e unha posterior toma de consciencia do enfrontamento coa realidade social da lingua.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2004

FICHA DE INSCRICIÓN COMO SOCIO-COLABORADOR

Nome do Centro:

Departamento:

Persoa de contacto:

Enderezo:

C.P:

Localidade:

C.I.F:

Tfn:

Fax:

Correo-e:

Datos Bancarios

Titular da conta:

Nome da Entidade:

Caixa/Banco: Sucursal: D.C:

Número de conta:

Cuota mínima anual: 90,15 €

Cuota de _____ €

ORDE DE PAGAMENTO (para a entidade bancaria)

Sr./a. Director/a:

Como autorizado da conta abaixo indicada, sívase atender até novo aviso, con cargo a conta, os recibos anuais que por valor de _____ € lle apresente A Mesa pola Normalización Lingüística.

Caixa/Banco: Sucursal: D.C:

Número de conta:

Nome e apelidos do autorizado/a:

C.I.F e selo

Asdo.